

PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA OBRA “CAMIÑO ACCESO Á GARITA DE BARES E OUTRO” (PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018)

I. OBXECTO DO CONTRATO.

O contrato, que é de carácter administrativo, ten por obxecto a realización da obra “CAMIÑO ACCESO Á GARITA DE BARES E OUTRO” (PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018), tal como se detalla no proxecto técnico.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obra, tal e como establece o artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

II. PROCEDIMIENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O contrato licitarase polo procedemento aberto simplificado, non está suxeito a regulación harmonizada e a tramitación será ordinaria.

Os licitadores presentarán as ofertas nun prazo de 20 días naturais, contado dende o seguinte á publicación da convocatoria. Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos criterios obxectivos da mellor oferta económica (70%) e de redución do prazo de execución (30%), de conformidade co artigo 159.4 da Lei de Contratos do Sector Público, sen prexuízo en canto ao establecido por ofertas con baixas desproporcionadas.

III. PRAZO DE EXECUCIÓN.

180 días naturais.

IV. TIPO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

É de 58.300,22 €, correspondentes ao importe de execución por contrata do proxecto (48.182,00 € de base e 10.118,22 € de IVE). O valor estimado do contrato é de 58.300,22 €.

V. PAGO DO PREZO.

O pago do prezo ao contratista farase previa acreditación favorable da execución da obra e da súa recepción sen problemas polo concello (art. 198 da LCSP). A Administración terá a obrigaçión de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato de servizos prestados, sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210, e si se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos términos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o devengo de intereses, o contratista deberá cumprir a obrigaçión de presentar a factura electrónica no rexistro administrativo correspondente nos términos establecidos na normativa vixente.

VI. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar (artigo 85 da LCSP 2017), e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Ademais, as empresas adxudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato e dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato. Os empresarios deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa exixible para a realización da obra obxecto do contrato. As empresas deberán dispoñer dun plan de seguridade e saúde xeral aprobado e en vigor, a xustificar no concello no caso de resultar propostos para a adxudicación. A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo. A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas dunha Comunidade Autónoma acreditará idénticas circunstancias a efectos da contratación coa mesma e cos restantes entes, organismos ou entidades do sector público. A proba do contido dos Rexistros Oficiais de Licitadores e Empresas Clasificadas efectuarase mediante certificación do órgano encargado do mesmo, que poderá expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

VII. GARANTÍAS.

Para garantía da contratación establécense as seguintes:

- Provisional: non se exige.
- Definitiva: o 5 % do importe de adxudicación do contrato (IVE excluído).
- Complementaria: non se exige.

A garantía definitiva non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía, que se establece no prazo de 6 meses tras a recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá polos conceptos incluídos no artigo 110 da LCSP.

VIII: PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

Atendendo ó disposto na Disposición Adicional Decimoquinta, apartado 3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, as ofertas presentaranse unicamente no Rexistro Xeral do Concello de Mañón, sito na Praza do Mesón, nº 1, 15337 – O Barqueiro. Mañón, en horario de 8,30 a 14,30 dentro do prazo indicado na cláusula II.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse nun único sobre pechado, asinado polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, no que se fará constar a lenda "Proposición para licitar na contratación da obra "CAMIÑO ACCESO Á GARITA DE BARES E OUTRO" (PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018).

Dentro do sobre incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

1. Declaración responsable do solicitante no modelo que figura no anexo II do presente prego.

2. Modelo de proposición económica e redución de prazo, conforme ó modelo que figura no anexo II do presente prego.

IX. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN.

A adxudicación realizarase conforme aos seguintes criterios:

1- Oferta económica máis vantaxosa, que se valorará ata 70 puntos (70 %); a puntuación concreta de cada licitador calcularase proporcionalmente, segundo a fórmula da web da Deputación Provincial da Coruña. Considerarase en principio baixa temeraria ou oferta anormalmente reducida a que cumpra un dos seguintes supostos:

A) cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior en máis de 15 puntos porcentuais ao tipo de licitación.

B) cando, concorrendo máis dun licitador, sexa inferior en máis de 10 puntos ao tipo medio de todas as ofertas presentadas.

En todo caso, estarase ao previsto no artigo 149 LCSP 2017 para a regulación e réxime xurídico das ofertas anormalmente baixas.

Cando se incorra en baixa desproporcionada ou temeraria será notificado o licitador, que inicialmente queda excluído da adxudicación, para que xustifique a viabilidade do prezo ofertado; a xustificación será informada polo técnico municipal.

2- Redución do prazo de execución, que se valorará ata 30 puntos (30%).

Para a valoración dos 2 criterios establecidos estarase á fórmula que a Deputación Provincial da Coruña ten publicada na súa páxina web.

X. APERTURA DE PLICAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A apertura publica das ofertas terá lugar o segundo día hábil seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de proposicións, as 14 horas na casa do concello. A mesa de contratación terá a seguinte composición:

Presidente: O Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

Vogais: Tamara Rey Durán – Auxiliar administrativo de Secretaría.
María Valiña Garrido - Secretaria-Interventora-Tesoureira

Secretaria: María Carmen Casás López – Auxiliar administrativo.

Terminado o acto, levantarase a acta correspondente na que se reflectirá o resultado do acontecido, e será asinada polos seus membros, realizando a Mesa de contratación a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación. A proposta favorecerá á proposición que se considere máis vantaxosa, en aplicación dos criterios establecidos.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar adecuadamente a súa decisión.

XI. ADXUDICACIÓN DA OBRA E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A adxudicación producirase transcorridos un máximo de 5 días naturais, contados desde o seguinte a aquel no que o licitador proposto presente adecuadamente a documentación requirida (cláusula VI).

Cando non proceda a adxudicación do contrato ao licitador que resultase adxudicatario proposto, por non cumprir este as condicións necesarias para iso, antes de proceder a unha nova convocatoria, o concello efectuará unha nova adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible; nese caso concederase a este un prazo de 7 días hábiles para cumprimentar o sinalado anteriormente.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos 15 días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; o devandito documento é título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. Cando por causas imputables ao contratista non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo.

XII. RISCO E VENTURA.

O adxudicatario executará a obra ao seu risco e ventura; non terá dereito á indemnizacións ou compensacións por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nas instalacións e servizos.

XIII. OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

O contratista queda obrigado a cumprir estritamente as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, quedando o concello eximido de posibles responsabilidades por incumprimento.

XIV. RESPONSABILIDADES DO CONTRATISTA.

O adxudicatario queda suxeito á obriga, fronte ao propio concello e terceiros, de resarcir os danos e indemnizar os prexuízos que cause directamente, ou a través do seu persoal, nos bens públicos, así como nos bens e persoas alleas.

XV. SANCIÓN.

As deficiencias ou faltas leves inxustificadas no cumprimento do contrato, previa incoación do expediente contradictorio, poderán dar lugar á imposición de sancións nunha contía de ata 400 €; a penalidade por demora na execución será a establecida nos arts. 193-194 da LCSP.

Si se apreciáran faltas graves, ou leves reiteradas, poderase chegar a resolución do contrato, previo expediente contradictorio, coa consecuencia da perda da garantía constituída, así como a indemnización dos danos e prexuízos que foran procedentes segundo a normativa aplicable. Alternativamente tamén poderán impoñerse sancións pecuniarias de contía comprendida en- tre 401 e 2.000 € cada unha. O pago das sancións farase mediante compensación da facturación recibida.

As faltas graves serán as actuacións que conleven perigo para as persoas e a integridade dos bens municipais; o resto das actuacións deficientes serán consideradas leves. Para a gradación das sancións terase en conta as circunstancias concorrentes: danos producidos e potenciais, intencionalidade, reiteración, etc.

XVI. MODIFICACIÓN, DESESTIMENTO, SUSPENSIÓN, CESIÓN, SUBCONTRATACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Cando como consecuencia das necesidades do interese público, a Xunta de Goberno Local aprobará a modificación do contrato de obra conforme ao establecido nos artigos 203-207 da LCSP. O desestimento, suspensión, cesión e subcontratación do contrato realizarase estritamente de conformidade co establecido na LCSP. A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados na LCSP e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista. Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

XVII. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste prego, e para o non previsto nel, será de aplicación:

- Regulamento de Execución (UE) 2016/7 da Comisión, de 5 de xaneiro de 2016, polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas -RGLCAP-. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as do dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 7 da LCSP.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO	CAMIÑO ACCESO Á GARITA DE BARES E OUTRO	
2. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base imponible ... 48.182,00 € Importe IVE 10.118,22 € Total 58.300,22 €	58.300,22 Euros (IVE ENGADIDO)
	B) Obras Plurianuais Base imponible Importe IVE Total	Exercicio Orzamentario Importe (IVE ENGADIDO) 201... 201....
3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	453.61900	
4. PRAZO DE EXECUCIÓN	180 días naturais	
5. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	GRUPO G, Subgrupo 6, Categoría 1	
6. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	- Rexistro Xeral da administración convocante, con domicilio en <i>Praza do Mesón, 1. 15337 – O Barqueiro. MAÑÓN</i>	
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	20 días naturais contados dende o día seguinte á <i>publicación no perfil de contratante</i> En horario de 9,00 a 14,00 horas.	
8. PORCENTAXE SUBCONTRATACION	0% do prezo de adxudicación	
9. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES DESEMPREGADOS	<input checked="" type="checkbox"/> NON SE ESIXE <input type="checkbox"/> SI SE ESIXE Nº DE TRABALLADORES _____	

10. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adxudicación IVE excluído
11.BIS. TAXAS DO CONTRATO	<i>Ordenanza fiscal nº 3</i>
12. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE X B) Obras plurianuais: B1. NON PROCEDE <input type="checkbox"/> (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE <input type="checkbox"/> FORMULA _____

13. OUTROS DATOS:

17.1. INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: www.manon.es

TELÉFONO: 981414002

CORREO ELECTRÓNICO: correo@manon.es

14. DATOS DA FACTURA

14.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO.

ENTIDADE LOCAL:

CONCELLO DE MAÑÓN

CIF: *P1504500H*

CÓDIGO: LO1150449

14.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR.

ALCALDÍA

CÓDIGO: LA0004052

14.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE

OFICINA CONTABLE

CÓDIGO: LA0004054

14.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA

SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

CÓDIGO: LA0004053

14.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE: OB7/2017

CÓDIGO DE PROXECTO: 2017200061

15. LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO:

PERFIL DO CONTRATANTE.

ANEXO II: MODELOS A EMPREGAR NESTA LICITACIÓN

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E REDUCCIÓN DE PRAZO

Proposición económica: presentarse conforme ao seguinte modelo:

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º ____, con DNI n.º _____, en representación da entidade _____, con CIF n.º _____, coñecedor do expediente para a contratación da obra “CAMIÑO ACCESO Á GARITA DE BARES E OUTRO” (PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018) por procedemento aberto simplificado (Expte.: OB7/2017), segundo a convocatoria do Concello de Mañón, fago constar que coñezo o prego e proxecto técnico que serven de base ao contrato e que acepto integramente e sen condicións, tomando parte da licitación e comprometéndome a executar a obra nos importes e prazos seguintes:

Importe de base: _____ (en letra e número) _____ euros
Importe de IVE: _____ (en letra e número) _____ euros
Importe total: _____ (en letra e número) _____ euros
Prazo de execución ofertado: __ días naturais (reducindo o prazo en _____ días naturais).

En _____, a ____ de _____ de 2018

Sinatura do licitador, Asdo.: _____.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INSCRIPCIÓN EN REXISTROS DE LICITADORES E DE NON VARIACIÓN DOS DATOS REFLECTIDOS NOS SEUS CERTIFICADOS

Número de expediente: OB7/2017

Denominación da obra: “CAMIÑO ACCESO Á GARITA DE BARES E OUTRO” (PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018)

Data da declaración: ____ / ____ /2018

DATOS DO DECLARANTE

Nome: _____ Apellidos: _____

NIF: _____ Teléfono: _____ Fax: _____

Correo electrónico: _____

Dirección a efectos de práctica de notificacións: _____

Entidade mercantil á que representa (no caso de actuar en representación): _____

NIF: _____ Cargo: _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade encóntrase validamente constituída e o obxecto social permite realizar o obxecto do contrato.

Que cumpre os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional exixidos no prego.

Que non está incurso en prohibición de contratar por sí mesma nin por extensión como consecuencia da aplicación do artigo 71.3 da LCSP 2017.

Que está inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que en el figuran respecto dos requisitos exixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (nº _____)
- Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº _____)
- EMPRESA ESTRANXEIRA: a licitadora sométese ao foro dos xulgados e tribunais españois.
- UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS: achégase anexo compromiso de constitución formal da unión, no caso de ser adxudicataria.
- AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas. No caso de non ter tramitada aínda a inscrición, comprométese a presentar a documentación xustificativa requirida polo Concello de Mañón.

Lugar, data, sinatura e selo